

O artista na aula e os nenos e nenas ao MUSEO



Colección de Xaime Quessada no Pazo de Vilamarín
CADERNO DO PROFESORADO





Imprime: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Autora: María Miguélez Vila

Deseño e maquetación: Roberto Miguélez Sainza

Ilustracións: Xaime Quesada

Asesoramento lingüístico: Pilar Pajarin González

Fotografía: Fondos Fundación Xaime Quesada Blanco e Alba Rubin

Edita: Fundación Xaime Quesada Blanco

Coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

Depósito legal:

Quesada

O artista na aula e os nenos e nenas ao museo



FUNDACIÓN XAIME QUESADA BLANCO



LIMIAR

Estimados mestres e mestras, moitas grazas por introducir a obra de Quessada nas vosas aulas. Vós sodes a ponte que pode unir a obra deste pintor inmortal coas almas do voso alumnado. Xaime é moito máis do que podedes ver nos seus cadros; amais de pintar fixo escultura, gravado, escribiu unha chea de libros, deseñou carteis, comprometeuse politicamente, foi pai, marido, amigo, unha persoa completamente dedicada á arte, a facer da súa vida unha obra de arte total da que podemos observar un anaco neste museo.

Como mestres, tendes a posibilidade de atopar recursos na obra de Quessada que vos axuden a transmitir os contidos e a acadar os obxectivos presentes no currículo da educación Infantil. Este é o obxectivo fundamental desta guía, animarvos a utilizar a obra de Quessada na vosa aula, a construír secuencias didácticas a partir das indicacións que nos permitimos facervos para conseguir que a súa obra sexa sentida como propia polos nenos e nenas que traballen convosco na aula e no museo. Todas as actividades están ampliadas en Pinterest, podedes entrar na nosa páxina e consultar os paneis que están dedicados a cada actividade.

Esta guía pretende fomentar a comprensión da figura do artista, a reprodución das súas técnicas e ideacións, e a creación autónoma a partir do asimilado e, ao tempo, ser unha introdución eficaz para que a visita á colección de Quessada no Pazo de Vilamarín sexa o máis enriquecedora posible.

Agardámosvos!!!, as portas do museo ábrense para a vosa clase, adiante.



Benvidos nenas e nenos,
achegádevos sen medo
heivos levar de paseo
imos xuntos ao museo.

Son un mouchoño pequeno
que se enche de alegría
ao vervos entrar tan ledos
e coa lección aprendida.

Nacín no maxín dun xenio
dende sempre acompañeino
durmindo nas caracochas
na cor dos seus pensamentos.

Benvidos nenos e nenas!!!!,
agarimos de mil plumas
para a xente interesada
no corazón de Quessada.



BENVIDA

ONDE ESTAMOS?

Para chegar ao pazo fortaleza onde se atopan as obras de Quessada teredes que viaxar ata Vilamarín, un municipio que se atopa a 20 km de Ourense e pertence á súa comarca.

O seu punto máis elevado está na serra de Martiñá e o seu principal río é o Barbantiño, que desemboca no Miño.

Podedes aproveitar a visita para ver diferentes utensilios antigos da vida e traballo no campo no Museo Etnográfico de Vilamarín, situado na capital do municipio.



ACTIVIDADE: TRABALLAMOS COS MAPAS

Co enlace que tes na páxina seguinte podes ver o museo en google maps. Facede unha ruta desde o voso centro.

Cantos quilómetros teredes que percorrer?

Sinalade a ruta con puntiños de cores desde o colexio ata o museo.



Podes ampliar as actividades sobre os mapas en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-traballamos-con-mapas/>



Creade a vosa ruta



<http://goo.gl/MCKxhc>


A meu colexio está en

Provincia de

Temos que percorrer quilómetros.

Imos tardar aproximadamente horas/minutos.





O MOUCHO

Nas obras de Xaime Quessada podemos ver moitos animais, algúns míticos e outros que os nenos poderán recoñecer con facilidade.

Cando vaiades ao museo poderedes atopar moitos animais agochados nas obras de Quessada. Imos atrapar os que atopemos e dicir se son animais acuáticos ou terrestres, se voan ou non. Por que están estes animais nos cadros? Que animal vos gustaría que aparecese? Por que?

Hai moitos que se repiten nos seus traballos, pero se temos que sinalar un en especial, e que é marca dos seus traballos, ese é o moucho.




Podes ampliar as actividades dos mouchiños en <https://www.pinterest.com/expandido/actividade-un-mouchiño-nunha-caracocha/>



Cando Xaime vía un moucho, xa era feliz todo o día. Eramos para el un símbolo de bo augurio, a representación da sabedoría o mesmo que para os antigos gregos.

Son parte da súa pintura, pero tamén me podedes ver na súa escultura e nos seus libros.





En canto entredes no museo,
estarei a esperar por vós, a
ver quen me atopa primeiro...



ACTIVIDADE:

Propoñémosvos unha investigación:

Que é unha caracocha?

Sabedes que Xaime elixiu

o lugar onde ía estar a súa casa

porque no terreo había caracochas?

Cal é a túa árbore favorita? Por que?



A FAMILIA



Na actualidade a diversidade dos núcleos familiares é máis patente e máis pública. Hoxe os contextos familiares que acollen os nenos son, como a mesma sociedade, diversos. Os nenos deben coñecer e respectar todas as posibilidades de relación que constitúa un núcleo familiar. Para traballar este coñecemento da diversidade e fundamentar o respecto podemos utilizar o libro *Unha chea de familias* de Xosé Antonio Neira Cruz.

ACTIVIDADE:

Nesta foto podes ver a Xaime cos seus irmáns e a súa nai.
Podes sinalar a Xaime? Lembra que era o máis pequerrecho.
Podes observar que falta o pai. Morreu cando Xaime tiña dous anos.
Coñeces familias de seis fillos?
Hoxe en día non é moi habitual atopar familias con tantos fillos.
Cantos irmáns tes? Que posición ocupas: es o maior, o máis pequeno?
Trae unha foto na que esteas coa túa familia e cóntanos algo sobre ela.



Podes ampliar as actividades sobre a familia en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-a-familia/>

A MIÑA FAMILIA



Xaime naceu en
Ourense o 14 de
xullo de 1937.

Foi o pequeno
dunha familia
de 6 irmáns, 5
nenos e 1 nena.

PEGO AQUÍ A FOTO DA MIÑA FAMILIA

DEBUXO AQUÍ A MIÑA FAMILIA





O NENO

Na rúa Lamas Carvajal “á altura do número 6” transcorreu a súa infancia. Tanto el coma os seus irmáns comezaron a pintar desde nenos. Nas datas previas ao Nadal pintaban azulexos para vendelos como postais. Pero o único que converteu a pintura na súa profesión de forma exclusiva foi Xaime.

O CADRO DA PÁXINA SEGUINTE É CUBISTA.

Imos mirar un cubo e imos pensar nas figuras relacionadas: rectángulos, cadrados... Manipulamos figuras xeométricas e pensamos que relación pode ter cos cadros que miramos. Repetimos os nomes das figuras xeométricas.

O cubismo é un movemento que racha coa concepción clásica da arte como reprodutora da realidade. Os artistas reformulan o seu labor estético e utilizan as formas xeométricas para deconstruír a realidade dentro dos seus lenzos. O cubismo de Picasso e outros pintores como Chagall influíron poderosamente na pintura de Quessada. A arte deixa de ser reprodución da realidade e convértese nunha inspiración a crear a través dos ollos do espectador. Foi un momento revolucionario que cambiou a mirada do artista e o labor do espectador, estendeu as posibilidades creativas cara a unha explosión de movementos e estilos que configuraron unha época fundamental da historia da arte.



Podes ampliar as actividades sobre a familia, cubismo e formas xeométricas en <https://www.pinterest.com/expandido/actividade-cubismo/>

Neste museo poderás ver un cadro no que Xaime se retratou coa súa irmá. Que che parece este cadro?

Eu creo que mostra unha relación de gran cariño.

Ela era compañeira de xogos de Xaime e para el unha parte fundamental da súa infancia.

Acompañeiros moitas tardes nos seus xogos na Barronca. No cadro parece que están a conversar, de que cres que poden estar falando?

ACTIVIDADE:

Facemos en grupos distintos diálogos sobre o que se poden estar contando.


O cadro é cubista, foi un estilo inventado por Picasso. Por que cres que este estilo se chama cubismo?






CUBISMO

Les Femmes d'Alger (O Version O) é un cadro de Picasso que se considera o primeiro do estilo cubista. Durante unha bolsa de estudos, Chagall viaxa a París e alí coñece o cubismo e intégrao na súa pintura. Comparamos estes dous pintores admirados por Quessada con dúas das súas obras da serie *La Música* que ides poder gozar no museo.



Mirade estes cadros,
gústanvos? Por que?

Credes que son mellores que
outros que levamos visto?




ACTIVIDADE:

Propomos unha colaxe, unha das actividades artísticas inspiradoras do cubismo. O nacemento de movementos artísticos, a creación de escolas, de estilos, son froito da cooperación, da contribución de ideas, da reflexión sobre o traballo do outro, da exposición do noso propio traballo. Como artistas que somos, imos cooperar na construción dun cubismo ao noso xeito. Cada neno ou nena disporá dunha foto tamaño folio dun rostro, pode ser o seu propio rostro ou calquera que elixa. Cortaremos as partes máis significativas en formas cadradas ou rectangulares. Podemos usar as figuras xeométricas que miramos antes como modelo. Unha vez recortada iremos repartindo anacos de rostros para que eles compoñan cun pouco de todos unha obra cubista de categoría. Unha vez rematada, podemos engadir cor e expoñerlles o noso resultado aos demais.

CUBISMO



Podemos atopar os anacos da nosa fotografía nas obras dos demais? Quen levou o meu nariz?



A PATEOGRAFÍA

A pateografía é unha técnica que Xaime utilizou durante as súas viaxes a Europa para visitar museos e aprender de todos os pintores clásicos que desde neno miraba nos libros de arte que había na súa casa e que non lle chegaron para saciar a súa curiosidade.



Pintaba un cadro con óleo sobre unha táboa ou cartón duro flexible, despois poñía encima un papel lixeiramente humedecido con augarrás, e despois "pateábao" ata que se calcaba no papel. Seguía así sacando copias que ían saíndo cada vez máis difuminadas. Vendía estas copias na rúa e así conseguía cartos para seguir aprendendo dos grandes mestres.

No ano 1968 Xaime ilustrou o libro *Rondas de norte a sur* versos pros nenos da aldea de Pura Vázquez. E engadiu un monotipo feito con esta técnica que podes ver aquí.


ACTIVIDADE:

Podedes facer na aula unha "pateografía" e ver as diferenzas entre as primeiras copias e as últimas que xa parecen un cadro abstracto. Saben os nosos alumnos a diferenza entre arte figurativa e abstracción?

A pateografía máis sinxela é deixar a nosa pegada sobre un papel. Podes facelo con pinturas de dedos e os pés descalzos. Despois poñemos outra folla encima e "pateamos" ata conseguir repetir o noso debuxo orixinal. Facemos unhas cantas probas, e, cando sexamos expertos, utilizamos a páxina seguinte para a nosa propia pateografía.



Podes ampliar as actividades sobre a pateografía en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-pateografias/>



ABSTRACCIÓN

Xaime traballaba sen parar, a súa produción foi enorme. A frase que máis se escoitaba no seu estudio en Lucenza era: "Xa vou!!!!", pero nunca vía o momento de parar de pintar.



ACTIVIDADE:



Observa as seguintes figuras xeométricas, sinálaas no cadro. Despois recortamos e pegamos na mesma obra modificada que hai na páxina seguinte.


Podemos dicir o nome de cada forma?

Buscamos na aula obxectos que conteñan estas formas.



Podes ampliar as actividades sobre a abstracción en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-abstracción/>









AS NAIS

O tema da nai co seu fillo é un tema clásico da pintura, atopamos maternidades en todos os grandes pintores do Renacemento: Rafael, Leonardo... O interese de Xaime foi sobre todas as cousas aprender: "Aínda non cheguei, teño que seguir estudando." Aproximouse con respecto e admiración a todos os seus precursores.

Aínda que a maioría das mulleres de Quessada son estilizadas, case etéreas, nesta maternidade utiliza o exemplo de Picasso e pinta unha muller robusta, saudable.

Traballamos na páxina 10 os distintos tipos de familias. Por moi distintos que sexan os tipos de familia que atopemos, todas elas teñen en común o sentimento de pertenza, de apoio e de defensa que podemos ver en calquera maternidade. O amor entre nais, pais e fillos, a protección dos maiores sobre os pequenos son a base da perdurabilidade da nosa especie e doutras moitas. Nesta selección de fotos (<http://goo.gl/Cw2IKO>) doutras nais imos atopar as características que definen o concepto «maternidade», defensa, cariño, apoio, meco... pero noutros seres vivos. Observámolas e falamos sobre o que significa ser nai ou pai en todos os seres vivos, que fan as nosas nais e pais por nós?

Que hai en común en todas elas?

Que hai en común coas maternidades de Picasso ou de Quessada?

Mira a foto de Xaime co seu fillo da páxina 24, como nos dan mecos os nosos pais?



ACTIVIDADE:

Ímoslles dar mecos aos compañeiros e compañeiras, repetimos os xestos que vemos entre os animais cos nosos compañeiros, acariñamos e deixámonos acariñar. Reforzamos as ligazóns entre os nenos, os sentimentos de pertenza ao grupo, o respecto, por medio do contacto físico tranquilo. Buscamos o benestar do outro acadando o noso propio benestar, e melloramos a autoestima.



Podes ampliar as actividades sobre as nais en <https://www.pinterest.com/expandido/actividade-as-nais/>



Xaime pintou moitas maternidades, a nai co seu fillo no colo. No Pazo de Vilamarín podes ver moitas, a primeira que atopamos é especial, distinta do resto das que vas ver no museo.

ACTIVIDADE:

Buscamos diferenzas e semellanzas. Cal che gusta máis? Por que?



A súa nai daba clases de piano na casa para axudar a manter a súa familia. A música foi unha compañeira de Xaime desde neno na súa propia casa e despois durante toda a súa vida. Cando pintaba, escoitaba música clásica a todo volume. Sobre todo gustáballe Beethoven e mais Mahler.




Xaime, cando pintaba este cadro, estaba escoitando...

Elix e colorea 1 2 3

1

2

3




Nesta obra hai un instrumento que marcou a súa infancia, podes atopalo?





O PSEUDOPLAXIO

Xaime pensaba que copiar era o xeito de aprender, mirar os outros aos que admiraba, repetir os seus estilos ata dominalos. Agora mira ben estes dous cadros.




Un destes cadros é de Quessada e valo ver no museo xunto con outros similares. Está inspirado no estilo doutro pintor ao que tamén admiraba moitísimo: o seu fillo Xaime. Non perdía ningunha oportunidade de aprender e, traballando as técnicas do seu fillo, puido aprender moito do seu dominio da cor, da xeometría e das novas tendencias na pintura.

ACTIVIDADE:

Traballamos con liñas e con cores puras, eliximos en grupo unha cor pura e pintamos entre todos nunha superficie grande, pode ser cartón, tablex, unha táboa ben fina e manexable. Probablemente poderemos atopar superficies para reciclar que nos sirvan para esta actividade. Cada clase pode utilizar a técnica de pintura que se adapte mellor ás súas posibilidades, por idade, e tamén polo que teñamos na aula. Os aerosoles serían unha opción moi recomendable, pero son pinturas non indicadas para utilizar en espazos pechados e pouco adecuadas para unha utilización autónoma por parte dos nenos. Decantarémonos por pinturas de dedos, acrílicos con pinceis ou brochas ou acrílicos en barra. Unha vez que teñamos preparado o fondo, utilizaremos cinta de carroceiro para marcar liñas ben rectas que cubriremos, deixaremos secar e levantaremos con coidado para intentar conseguir os efectos que vemos nas obras dos dous Quessadas.



Podes ampliar as actividades sobre pseudoplaxio en <https://www.pinterest.com/expandido/actividade-o-pseudoplaxio/>



O PSEUDOPLEXIO





A SINATURA

Picasso

ACTIVIDADE:

Cando firmamos afirmamos, somos, creamos e recreámonos no que facemos. É interesante facer unha reflexión co alumnado sobre a identidade, sobre quen somos, que é iso que nos fai diferentes ou iguais, como nos definimos e nos delimitamos. Esta reflexión é moi interesante se a relacionamos co nome. O nome como expoñente do noso ser, como o trazo real que contén a nosa identidade. Unha actividade posible para realizar na aula é a creación da súa sinatura. Podemos ver firmas variadas de artistas ou de persoas próximas: mestres, alguén da dirección do centro, pais ou nais. Observar as diferenzas, destacar o que nos gusta e facer a nosa propia firma en plastilina. Cambiará a nosa sinatura a medida que vaíamos medrando?

Xaime non sempre firmou así, engadiulle os dous SS á súa firma a partir dos anos setenta. Foi unha homenaxe ao que considerou o seu mestre: Pablo Picasso. Cando esteas no museo, podes buscar a sinatura nos cadros, algunhas están en sitios difíciles de atopar...

X-e / a



Podes ampliar as actividades sobre a firmas en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-a-firma/>




En todos os cadros do museo ides atopar a firma de Xaime. As persoas que realizan obras de calquera tipo poñen a súa sinatura para que se saiba que foron feitas por eles, que son merecentes de levar o seu nome.

ACTIVIDADE:

Imos aproveitar esta experiencia coas sinaturas do alumnado para traballar con distintas texturas. Eliximos o modelo de firma que nos representa e percorremos o seu contorno con diferentes materiais. Podemos usar cadeas finas, arames flexibles, las de cores, pintar o contorno con pegamento e poñerlle arroz, purpurina, café, restos de afiar lapis, ceras, botóns... As posibilidades son infinitas, cada clase e cada neno seguro que atoparán camiños creativos fermosos ao tempo que desenvolven diferentes relevos. Unha vez secas as firmas, imos lelas cos nenos. Tapamos os ollos dos nenos e invitámoslos a descubrir coas mans de quen é a firma que están tocando. É moi recomendable que os nenos experimenten as deficiencias para desenvolver empatía coas persoas con necesidades educativas especiais. Podemos aproveitar para falar do sistema Braille e comprender os que len coas súas mans.





PICASSO

Escoiteille dicir a Xaime:

"Aos 14 anos coñecín a Picasso
e cambioume a vida.

É un xenio. Eu defínoo como
o gran desertor porque cada día
fai unha creación.

O importante é que o home
domine os estilos e non ao revés".

E o propio Picasso dixo del:

"Venid, venid y ved!,
por fin tengo un auténtico discípulo
en España..."


ACTIVIDADE:

Xogamos a mesturar: recortando estas dúas fotogra-
fías podemos crear unha colaxe que teña algo destes
dous xenios da pintura. Probade a pegalo no corpo
que vos propoñemos ou en calquera outro soporte.




Podes ampliar as actividades sobre o Picasso en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-picasso/>






Pablo Picasso



Xaime Quessada







OS ESPAZOS

A muller de Xaime chámase Chus. Ela é arquitecta e traballou sempre realizando os planos de vivendas e edificios, deseñando espazos para vivir. Xaime tamén se axudou dos coñecementos da súa muller para crear as súas obras e deseñar espazos para plasmar as súas ideas.



Neste cadro Xaime recrea un espazo arquitectónico, aproveita todas as posibilidades que ten de aprender para mellorar e modificar a súa pintura.

ACTIVIDADE:

Traballamos con planos. Miramos o plano do noso colexio, localizamos a nosa aula. Marcamos os símbolos básicos dun plano: portas, fiestras, mobiliario... Na páxina seguinte anexamos como exemplo unha distribución habitual dunha aula de infantil. Propomos a creación dun esquema similar por parte do profesorado á imaxe da súa aula. Neste esquema o alumnado deberá orientarse e marcar con distintas cores o seu sitio na aula, o dos seus compañeiros, a porta, as fiestras, o encerado, os recunchos...












O noso caderno das profesións. Sabes que é un arquitecto? Cal é a profesión dos membros da túa familia?


Por que temos que traballar? Cres que che vai gustar traballar cando sexas grande?

Preparamos un pequeno caderno grampeando folios A4 dobrados en catro partes. Será o noso caderniño das profesións. Debuxaremos en cada páxina unha profesión das que coñecemos e na última páxina o que che gustaría ser de maior.



Podes ampliar as actividades sobre os espazos en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-os-espazos/>





A COR

Xaime construía a base de cores. As cores que utilizaba para facer as súas obras eran moi distintas segundo onde se atopase.



Cando traballaba en Galicia, a súa paleta estaba chea de cores vibrantes, intensas: azul ultramar, verde esmeralda, vermello intenso... Parecía querer compensar a escuridade do ceo de Galicia cunha explosión de cores fantásticas.

Mentres que cando estaba na súa casa de Ibiza, chea de luz do Mediterráneo, a súa paleta íase aclarando: azuis suaves, brancos, amarelos, ocre...





ACTIVIDADE:

A paleta dun pintor é a táboa ou a superficie onde mestura as cores que vai empregando nos seus cadros. Falade das seguintes paletas, cal será a que utilizou no primeiro cadro e cal será a do segundo?.

Por que?



Cal che gusta máis?


Na páxina seguinte hai dúas paletas en branco, elixe cores para cada unha delas, e na parte inferior fai un debuxo respectando esa paleta de cor. Xa sabedes o que é a abstracción; anima o alumnado a deixarse levar polas cores e a facer unha composición abstracta. Propomos deixar que os nenos e nenas elixan as cores e pinten ao ritmo da música.



Podés ampliar as actividades sobre a cor en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-a-cor/>

A COR






UN ARTISTA GALEGO

Hai cadros de Quessada en todos os recuncho do mundo, incansable viaxeiro, espallou a súa creación por todos os continentes. Puido vivir en calquera das cidades que visitou pero el sempre quixo volver a Ourense, á cidade onde naceu e na que morreu no ano 2007.

Florentino L. Cuevillas e Fermín Bouza Brey identificaron os antigos galegos cos oestrimnios dos que fala Avieno no poema *Ora Marítima*, do século II a. C. Segundo estes autores, os oestrimnios tiñan como centro cultural o Cabo Fisterra e era un pobo vinculado ao mar, de costumes pacíficos e dos que non se conservan sepulturas nin construcións de ningún tipo. Foron invadidos cara ao século VI a. C., e desta fusión parece que xurdiu a cultura castrexa. Xaime Quessada seguiu con grande interese estas investigacións e, independentemente da veracidade histórica dos oestrimnios como os auténticos galegos orixinais, para el foi unha grande influencia que expresou en moitas obras do pazo museo.



Podes ampliar as actividades sobre un artista galego en <https://www.pinterest.com/expandido/actividade-un-artista-galego/>



SÍMBOLO OESTRIMNIO



Admiraba o río Miño, lembraba os seus xogos infantís na Barronca, sentíase ourensán e galego. Estudaba acotío sobre os nosos devanceiros, e nesas investigacións descubriu Oestrimnia. Este descubrimento das nosas orixes inspirou a súa "Historia Subreal de Galicia" e a serie de cadros que podemos ver no museo.

ACTIVIDADE:

Que significa ser galego? Pensamos nas características que posuímos e que nos fan afirmar que somos galegos. Eu son galego porque...

Seguro que un destes porqués é a lingua. Sabemos a quen está dedicado este ano o Día das Letras Galegas? Podedes atopar máis actividades para este día no taboleiro de Pinterest.

ACTIVIDADE:

Os Oestrimnios son un pobo tan descoñecido que non temos ningún símbolo que os identifique. Imos deseñar un colgante que simbolice este pobo antigo berce das nosas orixes. Lembramos os símbolos que aparecen nas pinturas de Quessada e teremos coidado de incluílas no noso colgante. Cando cheguemos ao museo, podemos levar colgada a nosa insignia e descubrir nos cadros de Xaime as figuras que utilizamos.












AUTORRETRATO

Preséntovos o artista: este é Xaime, e pintouse en tres cores.
É un autorretrato, un retrato dun mesmo.



Collemos pintura de dedos e pintamos en cada círculo coa cor predominante en cada retrato, ou facemos boliñas de papel maché e enchemos cada círculo coa cor que corresponda.

ACTIVIDADE DE REFLEXIÓN:

A partir da pregunta “quen es?”, comezamos unha reflexión sobre a nosa existencia, que nos fai ser o que somos ou como podemos definir o que somos. Falamos do que somos e do que non somos.

Traballamos a autoestima. “Eu son único e especial, son a cousa máis marabillosa do mundo”. Utilizamos un recurso adaptado do libro *Autoestima ¿cómo desarrollarla?* de Jean R. Feldman. Decoramos unha caixa negra e dentro pegamos un espello. Falamos cos nenos e lémoslles unha pequena lenda na que lle explicamos que dentro da caixa está a cousa máis marabillosa do mundo. Imos pasándoa dun a outro pedindo que garden o segredo. Ao final falamos e reflexionamos porque eles son a cousa máis marabillosa do mundo. Aínda que é ben difícil dicir que cousa somos, quedaranos claro que todos e cada un de nós somos cousas marabillosas e perfectas na nosa diferenza, e así o imos plasmar na seguinte páxina.



Podes ampliar as actividades sobre o autorretrato en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-o-autorretrato/>

PINTA O TEU AUTORRETRATO



A coisa máis maravilhosa do mundo

A MÚSICA




No museo verás unha gran cantidade de obras dedicadas á música, foi unha compañeira de Xaime desde a súa infancia. Seguro que podes ver tres instrumentos neste cadro.



Podes ampliar as actividades sobre a música en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-a-musica/>


A MÚSICA



Piano Violin Violonchelo

ACTIVIDADE:

Une con frechas cada instrumento co seu son, co seu debuxo e repasa cada nome coa cor do QR que lle corresponde.



MAIL-ART

Chegou a despedida, espero volvervos ver no Pazo Museo de Uilamarín, alí ides descubrir a Quessada en directo, pero para que esta despedida non sexa definitiva, vouvos pedir un favor, un agasallo especial... Sabedes o que é unha postal?

ACTIVIDADE:

Esperamos poder utilizar os debuxos dos nenos nunha experiencia de mail-art, un exercicio de creatividade que utiliza como soporte de expresión a carta, a postal, o material creado para transmitir unha mensaxe e que percorre de xeito físico e material un espazo e un tempo cheo de referencias e posibilidades. Na actualidade o feito de mandar cartas é algo xa case esquecido, doutro tempo. Xa poucas recibimos, e habitualmente as que chegan ao noso buzón son, decotío, pouco agradables. Esta idea pretende recuperar o costume de enviar cartas, de mandar postais, introducindo un obxectivo de **creación**, aprendizaxe, autoafirmación e relación.

Logo da visita esperamos que os nenos poidan converter as súas impresións en fermosas postais, engadimos unha mensaxe, e o pazo museo vai ser o destinatario...

O alumnado aprende os requirimentos dun envío postal, a situar o enderezo, o selo, o debuxo, pero ademais o alumno afirma a súa persoa, convértese nun emisor dunha mensaxe que lle vai chegar a outra persoa, e que ao tempo vai pasar por mans e espazos que nin sequera podemos imaxinar. A creación do neno vaise converter nunha exhibición estética con límites imprecisos. Poderemos alegrar de forma inconsciente a vista de persoas non determinadas previamente. Os debuxos dos alumnos percorren un camiño marcado a través de mans anónimas que teñen á súa vista as reflexións dun ser que lle mostra unha realidade sen trabas, non levan sobre, están para ser miradas, e nunca sabermos cantos ollos e espíritos alegraron antes de chegar ao seu destino.

Recomendamos a visita guiada á oficina de Correos, son moi receptivos ás visitas dos colexios e os nenos gozan dunha experiencia moi interesante na que poden ver o tratamento que se lle vai dar á súa postal antes de enviala.

Unha vez recibida, exporémola no pazo museo e faremos unha mención dela no noso blog.




Podes ampliar as actividades sobre mail-art en
<https://www.pinterest.com/expandido/actividade-mail-art/>

TARXETA POSTAL

Logo da visita á Exposición
 Permanente de Xaime
 Quessada no Pazo de
 Vilamarín,.....
de.....anos e do
 colexio.....de
fixo esta obra
 de arte.

Sinatura,




MUSEO EXPANDIDO
 XAIME QUESSADA

PAZO MUSEO VILAMARÍN

32101 Borulfe

OURENSE


No Pazo Museo de Vilamarín poderedes recoller unhas
 postais similares a esta para levar de novo á vosa
 clase. Conseguremos así pechar o noso círculo: o ar-
 tista nas aulas, os nenos ao museo e de novo a arte,
 grazas a vós, a conquistar o mundo!!!!

COMPETENCIAS BÁSICAS

Aínda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán o currículo de educación infantil e teranse como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas. Por esta razón tamén as tivemos en conta na creación do proxecto, en cada unha das actividades engadimos unhas iconas que destacan as competencias que se fundamentan coa súa realización.



Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico



Competencia para aprender a aprender



Autonomía e iniciativa persoal



Tratamento da información e competencia dixital



Competencia cultural e artística




Competencia en comunicación lingüística



Competencia social e cidadá



Competencia matemática



ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

Este caderno pretende ser unha axuda para os mestres e mestras de infantil. Intentamos que cada actividade apoie a consecución dos obxectivos marcados para esta etapa e que están organizados en tres áreas. Para facilitar a utilización do caderno relacionamos cada área cunha cor diferente que aparece coma franxa lateral en cada unha das actividades. Sen intención de ser exhaustivos, sinalamos na páxina seguinte algún dos obxectivos propios da educación infantil que podemos acadar coas actividades propostas no caderno.



TEMPORIZACIÓN

Pensamos con Tonucci que dedicar moito tempo a un tema de traballo e estudo é sempre unha decisión gañadora. O caderno non está pensado para facer nun tempo determinado, cada actividade pódese facer de xeito independente adaptándose ás necesidades de cada grupo de alumnos. Na aula de infantil debemos darlles aos nenos e aos mestres a posibilidade de deterse, de parar e recrearse no estudo, dosificar o tempo empregado, aproveitar a motivación dos alumnos para intensificar o traballo e permitir tempos de afastamento cando outros temas esixen o noso interese. Creemos nunha pedagogía da lentitude, que respecta os tempos de crecemento e desenvolvemento dos nenos e de todo o que nos circunda. Dar tempo para pensar, para falar, para observar sen prisa os procesos da natureza, dar tempo incluso, como di Zavalloni en *A pedagogía do Caracol*, para perdelo. Por esta razón non propuxemos ningunha organización temporal fixa, simplemente achegamos a orientación do momento do ano no que cremos que sería adecuado botar man deste caderno e explotar as posibilidades que a arte de Quessada ofrece para cada aula.

TEMAS	OBXECTIVOS (ÁREAS)			TEMPORIZACIÓN
	Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal	Coñecemento do contorno	Linguaxes: comunicación e representación	
1. MAPAS	Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación cos obxectos e as demais persoas, usando vocabulario topolóxico elemental.			Na semana previa á visita ao Museo, como preparación da viaxe.
2. UN MOUCHIÑO NUNHA CARACOA	Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.			5 de xuño, Día Mundial do Medio Natural. 21 de marzo, Día da Árbore.
3. A FAMILIA / O NENO	Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.			Día Internacional das Familias, 15 de maio. O día do nacemento de Xaime Quessada ten lugar fóra do calendario escolar, o 14 de xullo, polo que propomos como conmemoración o 30 de decembro, data do pasamento.
4. CUBISMO	Participar en xogos e actividades mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.			25 de outubro, data de nacemento de Pablo Picasso e Día Internacional da Pintura.
5. PATEOGRAFÍA	Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.			Calquera momento do ano, pero parécenos interesante que sexa previa ao tratamento do tema da abstracción.
6. ABSTRACCIÓN	Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos, liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos.			Calquera momento do ano, coincidindo con temas relacionados con xeometría básica.
7. AS NAIS	Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.			O Día da Nai ou do Pai.
8. O PSEUDOPLEXIO	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.			Calquera momento do curso.
9. A SINATURA	Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.			Semana do 3 de decembro, Día das Persoas con Discapacidade.
10. PICASSO	Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.			Relativo á actividade “A sinatura”, poden facerse conxuntamente.
11. OS ESPAZOS	Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.			Día 8 de marzo, Día da Muller, semana do 1 de maio, Día do Traballo.
12. A COR	Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.			21 de marzo, Día Internacional da Cor.
13. UN ARTISTA GALEGO	Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.			A Semana das Letras Galegas (maio) ou a semana do 1 ao 11 de decembro conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
14. AUTORRETRATO	Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.			16 de decembro, día do nacemento de Beethoven, ou día 21 de xuño, Día Europeo da Música.
15. A MÚSICA	Recoñecer sons do contorno natural e social, e discriminar os seus trazos distintivos.			10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
16. MAIL-ART	Recoñecer as funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.			Despois da visita ao pazo museo de Vilamarín, ou 9 de outubro, Día Mundial do Correo.



P. 8 «LUCENZA I»
Óleo sobre lenzo
100 cm x 80 cm
Ano 1981



P. 14 «LA MÚSICA VI»
Óleo sobre tea
175 cm x 150 cm
Ano 1997




P. 18 «SIGNOGRAFÍA»
Técnica mixta sobre táboa
80 cm x 110 cm
Ano 1983



P. 23 «LA MÚSICA XLII»
Óleo sobre tea
150 cm x 200 cm
Ano 2006



P. 9 «LA MÚSICA LI»
Óleo sobre lenzo
175 cm x 150 cm
Ano 2006



P. 14 «LA MÚSICA IV»
Óleo sobre lenzo
150 cm x 150 cm
Ano 1995



P. 23 «MATER AMANTÍSIMA»
Óleo sobre lenzo
80 cm x 60 cm
Ano 1975



P. 24 «GALLAECIA»
Técnica mixta sobre táboa
110 cm x 95 cm
Ano 1998




P. 13 «LOS HERMANOS III»
Óleo sobre lenzo
100 cm x 80 cm
Ano 1995



P. 16 «PATEOGRAFÍA»
Óleo sobre lenzo
100 cm x 80 cm
Ano




P. 23 «MATERNIDAD II»
Pastel
100 cm x 80 cm
Ano 2003



P. 24 «ESTRUCTURA METALICA EN AMARILLO II»
Autor: Xaime Quesada Blanco
Técnica mixta sobre lenzo
114 cm x 146 cm
Ano 1998



P. 28 «EL GRITO»
Técnica mixta sobre cartón
30 cm x 30 cm
Año 1965



P. 34 «LA DANZA II»
Óleo sobre lenzo
200 cm x 200 cm
Año 2001




P. 36 «OESTRIMNIOS XII»
Óleo sobre táboa
60 cm x 60 cm
Año 1995



P. 40 «AUTORRETRATO V»
Óleo sobre lenzo
50 cm x 40 cm
Año 1998




P. 28 «EL GRITO II»
Técnica mixta sobre cartón
30 cm x 30 cm
Año 1965



P. 34 «DESDE CAN SEÑORA»
Óleo sobre lenzo
70 cm x 70 cm
Año 1974



P. 39 «LA MÚSICA XI»
Óleo sobre lenzo
100 cm x 80 cm
Año 1996




P. 40 «AUTORRETRATO II»
Óleo sobre lenzo
50 cm x 40 cm
Año 1998




P. 32 «METAMORFOSIS»
Óleo sobre lenzo
150 cm x 120 cm
Año 1973



P. 36 «OESTRIMNIOS III»
Óleo sobre táboa
60 cm x 60 cm
Año 1997



P. 40 «AUTORRETRATO III»
Óleo sobre lenzo
50 cm x 40 cm
Año 1998



P. 42 «LA MÚSICA XVI»
Óleo sobre lenzo
150 cm x 150 cm
Año 1994





Promove



FUNDACIÓN XAIME QUESADA BLANCO

Colabora



XUNTA
DE GALICIA